

**CONTIDOS****1.ª AVALIACIÓN**

- Números racionais.
- Números reais. Control Tema 1 e 2: 9 de outubro de 2013
- Polinomios.
- Ecuacións de primeiro e segundo grao. Control Tema 3 e 4: 6 de novembro de 2013
- Sistemas de ecuacións. (6 sesións) Examen de Avaliación (T1...T5): 29 de novembro de 2013

**2.ª AVALIACIÓN**

- Proporcionalidade numérica.
- Progresións. Control Tema 6 e 7: 15 de xaneiro de 2014
- Lugares xeométricos. Figuras planas.
- Corpos xeométricos. Control Tema 8 e 9: 14 de febreiro de 2014
- Movimentos e semellanzas. Examen de Avaliación (T1...T10): 14 de marzo de 2014

**3.ª AVALIACIÓN**

- Funcións. Control Tema 11 e 12: 9 de abril de 2014
- Funcións lineais e afíns.
- Estatística. Control Tema 13: 7 de maio de 2014
- Probabilidade. Examen de Avaliación (T1...T14): 17 de xuño de 2014

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

Actitude	5%
Conceptos e procedementos	Probas escritas 90% (40% controis e 60% exame avaliación)
	Traballos, lecturas, libreta 5%
Participación: O alumnado que participe de maneira notoria en actividades do departamento como Canguro Matemático, Campionato de Polinomios, Open Matemático, Olimpíadas, etc, poderá engadir entre 0,5 puntos e 1 punto á nota final da materia. Queda a criterio do profesor/a do alumno/a considerar quen é merecedor/a de dita calificación.	

A avaliación será continua e integradora. Basearase na observación sistemática e pautada do proceso de aprendizaxe a través de preguntas, traballos individuais ou en grupo, probas orais e escritas e entrevistas.

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións seguindo o calendario aprobado polo claustro.

En cada avaliación haberá como mínimo, dúas probas escritas ou exames. No último exame de cada avaliación, preguntárase ao alumno por **toda** a materia estudada dende o comezo do curso ata ese momento. No caso de obter unha nota inferior a 3 neste exame non fará media co anterior e o alumno/a terá que recuperar na avaliación seguinte.

Si a nota media dunha avaliación é superior en 0,75 ao enteiro anterior, levará como nota o seguinte número enteiro (exemplos: nota media: 5,8 → nota avaliación: 6 ; nota media: 4,4 → nota avaliación: 4).

A cualificación da final do alumno/a obterase mediante a media ponderada das cualificacións das tres avaliacións, cos seguintes "pesos" (porcentaxes): **1ª avaliación: 25 %**, **2ª avaliación: 35 %**, **3ª avaliación: 40 %**.

Nas probas escritas descontarase 0,05 por faltas cun máximo de 1 punto.

No caso de detectar que se copia nun exame retirárase o exame inmediatamente e darase a oportunidade ao alumno/a de demostrar os seus coñecementos nunha proba que realizará diante de dous membros, alomenos, do departamento.

**PLAN DE LECTURA ANUAL**

Hora de Ler: Si

Lecturas Recomendadas:

El diablo de los números <http://www.librosmaravillosos.com/eldiablodelosnumeros/index.html>

El hombre que calculaba <http://www.librosmaravillosos.com/hombrecalculaba/index.html>

**ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...**

Canguro Matemático, Campionato de Polinomios, Open Matemático.





## CONTIDOS

### 1ª AVALIACIÓN

- O galego e as linguas de España. Orixe e evolución. Interferencias. Rexistros lingüísticos
- A palabra. Estrutura (lexemas e morfemas). Procedementos de formación (derivación, composición e parasíntese). Relacións semánticas (antonimia, hiponimia, sinonimia, polisemia e homonimia, campo semántico, familia léxica, cambio semántico).
- As categorías gramaticais. Palabras variables e invariables. Os sintagmas, tipos. Introducción á sintaxe: oración simple, suxeito e predicado
- A literatura: concepto e xéneros. A literatura galega. A etapa medieval. Cantigas de amigo, amor e escarnio.
- Ortografía: acentuación e uso do b/v.

### 2ª AVALIACIÓN

- Sintaxe: Os complementos do predicado.
- Sintaxe: A oración composta.
- A lírica relixiosa e a prosa medieval.
- Os séculos escuros e a literatura popular. O Rexurdimento (etapas).

### 3ª AVALIACIÓN

- O texto e as súas propiedades. Tipoloxía textual (a narración, a descrición, o diálogo e a exposición). Textos dos medios de comunicación. Textos da vida cotiá (blog, diario persoal, o informe e o proxecto, a acta, os regulamentos...)
- Rosalía de Castro.
- Eduardo Pondal.
- Manuel Curros Enríquez.
- Os epígonos.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Conceptos e procedementos	Libro lectura	Actitude e calse	traballo	Traballo casa
70%	10%	10%		10%

Faranse como mínimo dúas probas escritas e unha oral por avaliación, que computan o 70% da nota. O 30% restante repártese entre o libro de lectura obrigatoria, o traballo na clase xunto coa actitude e o traballo na casa.

Para aprobar a avaliación é necesario obter un 5 na media. Non se pode aprobar se nas probas escritas e orais se obtén menos dun catro nalgunha delas ou se non se demostra a lectura do libro marcado como lectura obrigatoria para cada trimestre.

Descontarase por faltas leves (0'05) e por faltas graves (0,10)

No caso de detectar que se copia nos exames retirárase o exame inmediatamente e daráselle ao alumno/a a oportunidade de demostrar oralmente os seus coñecementos. No caso de negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero.

A nota final do curso obterase computando como 30% a cualificación tanto da 1ª como da 2ª avaliación, e como 40% a da terceira.

A partir da segunda avaliación farase un exame de recuperación para os alumnos que non superasen os contidos mínimos do(s) trimestre(s) anterior(es).

## PLAN DE LECTURA ANUAL

Participación na hora de ler: SI

**Lecturas obrigatorias** (hai exemplares na biblioteca).

1º trimestre: *O diario vermello de Carlota*, Gemma Lienas, Galaxia

2º trimestre: *O último traballo do Sr. Luna*, César Mallorquí, Rodeira.

3º trimestre: *Noite de voraces sombras*, Agustín Fernández Paz, Xerais.

**Lecturas recomendadas** (hai exemplares na biblioteca).

*A banda sen futuro*, Marilar Aleixandre, Xerais.

*Anxos en tempos de chuvia*, Miguel Vázquez Freire, Xerais.

*As cousas claras*, de Xosé A. Neira Cruz, Xerais.

*Irmán do vento*, Manuel Lourenzo González, Xerais

*O diario vermello de Flanagan*, Jaume Ribera, Galaxia.

*O diario violeta de Carlota*, Gemma Lienas, Galaxia

As aventuras de Tom Sawyer, Mark Twain, Xerais.

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Participación nas actividades de Dinamización Lingüística.

Procurarase que o alumnado asista polo menos a un espectáculo teatral e/ou musical en galego.

Uso da PLATAFORMA SOCIAL EDUCATIVA EDMODO.

**CONTIDOS****1.ª AVALIACIÓN**

A Xeografía

O espazo físico

O espazo físico en Europa

Os Estados

UE, España e Galicia

Poboación mundial

A importancia das migracións

Poboación na UE, España e Galicia

**2.ª AVALIACIÓN**

A actividade económica

A Globalización

A actividade agrícola

Outras actividades do sector primario

O sector primario na UE, España e Galicia

Materias primas, enerxías e auga

Os recursos naturais na UE, España e Galicia

**3.ª AVALIACIÓN**

A actividade industrial

A industria na UE, España e Galicia

Como son os servizos?

O sector terciario na UE, España e Galicia

O reto do desenvolvemento e do benestar

O reto ambiental

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

Actitude			25%
Conceptos e procedementos		Probas escritas	50%
		Traballos	25%

Nas probas escritas descontaranse 0,05 por faltas leves ( ex: tiles) e 0,1 por faltas máis graves.

No caso de detectar que se copia nos exames retirárase o exame inmediatamente e daráselle a oportunidade ao alumno/a de demostrar oralmente os seus coñecementos. No caso de negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero.

**PLAN DE LECTURA ANUAL**

Hora de Ler: Si

Lecturas Recomendadas

Ébano, de ryszard kapuscinski.

Prensa nacional cando menos un día a semana tódalas sección e portada dixital tódolos días.

**ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...**

Programa Epals para escribirse con alumnos de todo o mundo.

**MATERIA: XEOGRAFÍA**  
**PROFESOR: Juan Carneiro**

## CONTIDOS

1.ª AVALIACIÓN:

**Tema 1: O Espazo Físico en que Vivimos a Tema 4: A Organización Política de Europa, España e Galicia**

2.ª AVALIACIÓN:

**Tema 5: A Actividade Económica a Tema 12: O Sector Terciario na UE, España e Galicia**

3.ª AVALIACIÓN:

**Tema 13: Os Retos da Poboación a Tema 16: O Reto Ambiental**

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Actitude			
Conceptos e procedementos		Probas escritas	<b>90%</b>
		Traballos	<b>5%</b>
		Lecturas	<b>5%</b>

Nas probas escritas descontaranse 0,05 por faltas leves ( ex: tiles) e 0,1 por faltas máis graves.

No caso de detectar que se copia nos exames retirarse o exame inmediatamente e daráselle a oportunidade ao alumno/a de demostrar oralmente os seus coñecementos. No caso de negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero.

## PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Si/

Lecturas Obrigatorias/Recomendadas

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Excursións e saídas á contorna



## CONTIDOS

### 1.ª AVALIACIÓN

1. Os grandes fitos da historia: invencións e grandes empresas da humanidade. Os emprendedores que marcaron os tempos.
2. O emprendedor que levo dentro. Para ser emprendedor precísase... Calidades persoais, habilidades sociais e habilidades de dirección.
3. A imaxinación ao poder: a creatividade ao servizo da sociedade.
4. Cando a idea transfórmase en empresa.
5. Empresa e sociedade: o marco social da iniciativa emprendedora.

### 2.ª AVALIACIÓN

6. A empresa como proxecto.
7. Esta é a miña idea! Elaboración do proxecto emprendedor.
8. Xa teño un plan! O proxecto da miña empresa.

### 3.ª AVALIACIÓN

9. Como organizar unha empresa: recursos financeiros, recursos humanos.
10. A difusión do proxecto: Vender a idea, vender o produto.
11. Conclusións do proxecto.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Actitude, asistencia e participación	Ata o 10%		
Conceptos e procedementos	Ata o 90%	Traballo cotián da clase	Ata o 40%
		Traballo na aula virtual (Edmodo)	Ata o 40%
		Lecturas	Ata o 20%

No caso de detectar que o traballo en clase e a través da aula virtual é insuficiente, poderanse realizar probas escritas que acrediten os coñecementos do alumno/a.

Así mesmo de cara á recuperación da materia para setembro, realizaranse probas escritas e esixirase a entrega dos traballos non realizados ao longo do curso.

## PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Si

Lecturas Obrigatorias: O material de lectura será proporcionado pola profesora.


## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Utilización da rede educativa EDMODO como contorno de traballo virtual.

Participación no concurso de Xoves Emprendedores organizado pola Asociación de Jóvenes Empresarios de Ferrolterra.

Posibles charlas de empresarios/as da comarca.

Participación no programa Aliménta-T-ben integrado o plan Proxecta.



IES de Mugardos. Departamento de Debuxo.

MATERIA

Educación plástica e visual.

PROFESOR/A

Marta González Pérez.

ESO

3º ESO

2013 - 2014

## CONTIDOS

### 1.ª AVALIACIÓN

As linguaxes audiovisuais.

Lectura da imaxe, imaxe fixa e en movemento.

A xeometría como soporte do proceso creativo.

Simetrías e ritmos.

### 2.ª AVALIACIÓN

Elementos cingfigurativos da linguaxe visual.

O deseño.

Os polígonos e a súa construción.

### 3.ª AVALIACIÓN

O volume.

O espacio.

Os polígonos e a súa construción.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Actitude		<ul style="list-style-type: none"><li>• Cada dúas faltas de material por trimestre=0.</li><li>• A non entrega de traballos na data proposta supón obter como máximo un 5, e se non se entrega tampouco na seguinte clase =0</li></ul>
Conceptos e procedementos	Probas escritas	50,00%
	Traballos	50,00%
		<ul style="list-style-type: none"><li>• O alumnado ten a opción de repetir ao longo do trimestre aqueles traballos peor cualificados, sendo ésta a única forma de recuperar a avaliación.</li></ul>

- A boa actitude e disposición para o traballo, así como o cumprimento de normas de aula de do centro, axudará nos redondeos para sen chegar ao 5 poder superar a asignatura.
- Nas probas escritas descontaranse 0,05 por faltas leves ( ex: tiles) e 0,1 por faltas máis graves.
- O resultado final nas distintas avaliacións será a media matemática de tódolos resultados obtidos.
- A recuperación final da materia será en xuño usando a media matemática das distintas avaliacións, debendo ter un 4 como mínimo por avaliación para facer esta media. De non superar por este sistema a materia, haberá unha proba escrita de todos os contidos en setembro.

**No caso de detectar que se copia nos exames retirarase o exame inmediatamente e poráselle un 0. Se ese mesmo alumno/a volve a empregar ese método, na segunda ocasión, ademáis do 0, poderá perder o dereito á recuperación desa avaliación e terá que facer un global final.**

## PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Sí se o alumnado trae o seu libro.

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Visita a algún museo se a exposición encaixa na programación.



## CONTIDOS

### 1ª AVALIACIÓN

- unidade 1. o proceso tecnolóxico
- unidade 2. hardware e sistema operativo
- unidade 5. materiais de uso técnico

### 2ª AVALIACIÓN

- unidade 3. o ordenador e os nosos proxectos
- unidade 6. expresión gráfica: sistemas de representación
- unidade 7. mecanismos

### 3ª AVALIACIÓN

- unidade 4. a internet
- unidade 8. electricidade
- unidade 9. a enerxía

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será continua tendo en conta todos os elementos que compoñen o currículo.

Como instrumentos de avaliación poderán utilizarse entoutros:

1.- **observación directa** do traballo na aula-taller e na aula de informática.

Na aula taller valorarase:

- o traballo diario realizado polo alumno(exercicios, actividades propostas para casa, etc...)
- o manexo correcto das ferramentas.
- o cumprimento das normas de seguridade.
- a actitude cara a asunción de responsabilidades dentro do grupo.

Na aula de informática valorarase:

- o traballo diario realizado polo alumno(exercicios, actividades propostas para casa, etc...)
- o manexo correcto das ferramentas informáticas.
- o cumprimento das normas de uso da aula de informática.
- a actitude cara a un uso responsable das ferramentas informáticas.

2.- **probos escritos ou orais ou probos con ferramentas informáticas**. Faráse unha proba por unidade didáctica e cando menos, dúas probas por avaliación.

3.- **produccións realizadas polos alumnos/as**: maquetas, informes escritos, traballos monográficos, etc...No que se valorará:

- a claridade na exposición escrita
- a utilización da simboloxía axeitada na representación gráfica.
- os datos obtidos cos instrumentos de medida.

No caso de que un alumno non poda asistir a unha proba, realizará outra proba sobre os mesmos contidos en datas posteriores.

As producións realizadas polo alumnado (maquetas, informes, traballos, etc...) e as probas escritas ou orais ou probas con ferramentas informáticas serán puntuadas cunha nota numérica de 0 a 10.

A cualificación que acade un alumno nun determinado trimestre basearase nun 80% na media aritmética das probas escritas (ou orais ou probas con ferramentas informáticas) realizadas. O 20% restante corresponderá á valoración das producións realizadas polos alumnos así como da valoración de diversos conceptos como a puntualidade, traballo diario, respecto ós demais, cumprimento das normas de seguridade, manexo correcto de ferramentas...

O alumno terá que acadar como mínimo unha puntuación de 5 como cualificación da avaliación para que se considere que acadou os obxectivos programados e poida aproba-la dita avaliación.

No caso de que se detecte que un alumno está a copiar nunha proba ou traballo, esta proba ou traballo será puntuado con 0.

## PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de ler: Si